



CIRCULAR 87-2022

PRE-INSCRIPCIÓN IX CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB14 POR EQUIPOS

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

De cara á confirmación da participación de equipos galegos no IX Campionato de España Sub 14 por equipos a celebrar os vindeiros 8 e 9 de outubro en Cuenca, solicítase a todos os equipos participantes que manifesten o seu interese enviando un mail a direcciontecnica@atletismo.gal e realicen estadillo en: <https://sdp.rfea.es/> con data límite ata o día 20 de setembro ás 20:00h.

O estadillo realizarase segundo as normas técnicas da competición (ver regulamentación do Campionato de España Sub14 por equipos)

https://www.rfea.es/normas/pdf/Reglamento2022/09_al_sub14EQU.pdf

Os rexistros deberán ser conseguidos en probas oficiais e estar homologados, con marcas da tempada actual 2022.

- Cada equipo estará formado por 8 atletas
- Cada atleta deberá realizar dúas probas (1 carreira e un concurso) e 5 de eles realizarán o relevo 5x80.
- Cada proba individual será realizada por dous atletas de cada equipo.
- Un participante só poderá ser inscrito por un equipo.
- Cada club poderá aliñar a un máximo de 2 atletas filiais.

As probas a celebrar divídense en tres grupos e relevo:

Carreiras: 80m, 1000m, 80mv e 2000 marcha

Saltos: Altura e lonxitude

Lanzamentos: Peso e xavelina

Relevos: 5x80m

*o relevo non formará parte do estadillo

* para a proba da marcha admitiranse rexistros de 3000 marcha

A Coruña, 12 de setembro 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo